

Dona Elisa Martínez Arias , Secretaria do TRIBUNAL PARA O PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL (1 VACANTE CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO 2016 E OUTRA A DE 2017)

CERTIFICA

Que o mencionado Tribunal en sesión de data 19 de marzo de 2018 adoptou os seguintes acordos:

“Primeiro.- O 13/03/2018 procedeuse a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo na web municipal.

Despois disto, concretamente o 15/03/2018 con RE 3860ten entrada neste Concello escrito do aspirante don JAVIER RIVAS PARADA no que este recorre a súa exclusión definitiva pola causa consignada na resolución de aprobación de dita lista que era NON PRESENTA SUBSANACIÓN, alegando que si presentou a subsanación en prazo e aportando copia.

A raíz deste escrito comprobouse que si constaba presentada en prazo a subsanación de don JAVIER RIVAS PARADA neste concello, concretamente con entrada no rexistro municipal o 22/02/2018 RE 2825 previamente presentada ó amparo do disposto no artigo 16.4 da lei 39/2015 no rexistro xeral da Xunta de Galicia edificio administrativo de Vigo o 20/02/2018 e que dita subsanación foi inadmitida polo tribunal dado que o certificado médico que presentaba con ela era incompleto / incorrecto pois o mesmo non indica a que praza se presenta o aspirante e polo tanto este si debería figurar na lista definitiva de excluídos pero indicándose dita causa.

Polo que se aprecia un erro de transcripción no certificado da acta do tribunal e na posterior resolución da alcaldía que debe ser corrixido.

De modo que, no certificado dos acordos do tribunal en sesión de data 02/03/2018 e na resolución de alcaldía de data 13/03/2018 na que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos, de modo que onde dicía:

1. RIVAS PARADA JAVIER	NON PRESENTA SUBSANACIÓN
------------------------	--------------------------

Debe pasara dicir:

1. RIVAS PARADA JAVIER	CERTIFICADO INCOMPLETO/INCORRECTO	MEDICO
------------------------	--------------------------------------	--------

Segundo.- Por outra banda, tras unha minuciosa revisión das subsanacións presentadas advertiuse que, en canto ó aspirante don ANGEL GARCIA BREGUA, que conta como excluído no listado pola causa “NON PRESENTA SUBSANACION” si presentara a súa subsanación en prazo concretamente con entrada neste Concello de data 21/02/2018 previamente presentada ó amparo do disposto no artigo 16.4 da lei 39/2015 no rexistro xeral da Xunta de Galicia edificio administrativo de A Coruña o 16/02/2018 polo que, tamén procede, corrixir o erro padecido polo tribunal, esta vez de oficio, declarando a don ANGEL GARCIA BREGUA admitido no proceso selectivo.

Polo que o Tribunal propón a alcaldía a corrección de erros de transcripción antes indicada e a inclusión de don ANGEL GARCIA BREGUA no listado de admitidos no proceso selectivo.

Terceiro.- O 16/03/2018 con RE 3966 ten entrada neste concello escrito de don RUBEN ABALDE AMOEDO no que este solicita a súa admisión no proceso selectivo por entender que o certificado médico presentado por el se axusta as bases da convocatoria.

O 19/03/2018 con RE 3977 tamén ten entrada neste concello escrito de don ABEL LOPEZ VIGO solicitando a súa inclusión na lista de admitidos, indicando tamén que o certificado médico presentado por el se axusta as bases da convocatoria.

Unha vez indicado isto, debemos ter en conta que conforme ós artigos 121 e 122 da vixente Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, é, á vista do disposto polo artigo 115.2 da mesma norma, ó dispoñer que o erro na ou a ausencia da calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter, sitúanos ante a debida tramitación dun recurso de alzada fronte ó acordo do tribunal relativo en sesión de data 02/03/2018 acordando a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo que debe resolver o alcalde.

Así mesmo o artigo 118.2 da Lei 39/2015 indícanos que, de existir outros interesados, débese dar traslado do recurso a estes concedéndolles un prazo de alegacións de ó menos dez días hábiles.

Resultando claro neste caso que existen outros interesados no recurso, concretamente, todos ós aspirantes que solicitaron participar no proceso selectivo.

Polo que para garantir os seus dereitos, dado o elevado número de participantes, publicárase na paxina web do Concello a interposición do recurso que nos ocupa concedéndolles un prazo de 10 días hábiles, para que si é o seu desexo, poidan formular as alegacións que estimen oportunas ó respecto.

(...)

Por todo o exposto é, a espera de sé se presentan alegacións ou non polos restantes interesados, que de ser o caso serán debidamente informadas por este Tribunal, o mesmo acorda :

1º.- **Publicar na páxina web do concello a interposición do recurso con copia do mesmo concedendo un prazo de alegacións ó respecto de 10 días hábiles os restantes aspirantes que presentaron solicitude de participación no proceso selectivo.**

2º.- Remitir copia desta acta a Alcaldía (...)

3º.- **Por último, indicar que, estando prevista a realización da proba test da convocatoria para o vindeiro venres 23 de marzo as 16.00 horas, o que non permite resolver ós recursos que nos ocupan antes de dita data, obríganos en arras de evitar posibles prexuízos de imposible reparación os aspirantes agora recorrentes e os demais aspirantes a deixar sen efecto a convocatoria realizada para a proba test da oposición. Cuxa data será determinada unha vez resoltos os recursos que nos ocupan.**

O que certifico ós efectos oportunos, en Monforte a dezanove de marzo de dous mil dezaioito.

A SECRETARIA DO TRIBUNAL

Asdo. Elisa Martínez Arias